

administración das autoridades portuarias de interese do estado situadas no seu territorio, que deberán facerse necesariamente por proposta das administracións públicas e organismos e entidades que aqueles representen.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002, modificado polo do 6 de xuño de 2002, faculta o titular da consellería competente en materia de portos para o exercicio das devanditas competencias.

Polo exposto, en exercicio da facultade atribuída

DISPOÑO:

O cesamento dos seguintes vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias, e en representación da Xunta de Galicia:

* Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa ría

Jacinto Parga Fernández
Manuel Morato Miguel
Luis Rodríguez de Robles Gozalo
Faustino Laya Torreiro
Daniel Pino Vicente
José Manuel González Martínez
Manuel Maneiro Castro
Ramón Dios Suárez
Amado Enríquez Martínez Pedrosa

* Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra

José Manuel González Martínez
Carlos Iglesias Malvido
Camilo Garrido Torres
José Benito Gama Talvo
María Isabel Domínguez Quintás
César José Iglesias Docampo
José Manuel López Rodríguez
Raimundo Calviño Garrido
Antonio Santiago Fernández

Agradecéndolles a todos eles os servizos prestados.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 27 de xullo de 2009 pola que se dispón o nomeamento de vogais en representación da Xunta de Galicia nos consellos de administración das autoridades portuarias de Vilagarcía de Arousa e a súa ría, e Marín e ría de Pontevedra.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, no seu artigo 40 atribúelles ás comunidades autónomas as facultades de

designación e separación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias de interese do estado situadas no seu territorio, que deberán facerse necesariamente por proposta das administracións públicas e organismos e entidades que aqueles representen.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002, modificado polo do 6 de xuño de 2002, faculta o titular da consellería competente en materia de portos para o exercicio das devanditas competencias.

Polo exposto, en exercicio da facultade atribuída,

DISPOÑO:

O nomeamento dos seguintes vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias, e en representación da Xunta de Galicia:

* Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa ría

José Manuel Cores Tourís
Juan Maneiro Cadillo
Covadonga Salgado Blanco
Baltasar Rodríguez Alcalde
José Juan Durán Hermida
Martín Serantes Álvarez
Manuel Ángel Tarrío Fernández
Manuel Fontao Lampón
Juan José González Vázquez

* Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
M^a Celeste Nieto García
Manuel Santos Costa
José Manuel Cores Tourís
Manuel Nores González
Augusto Casal Sánchez
Manuel González Juanatey
Encarnación Rivas Díaz
José Luis Santiago Pereira

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 9 de xullo de 2009 pola que se constitúen determinadas agrupacións de secretarías de xulgados de paz na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

O artigo 99.2º da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, na súa redacción orixinaria, incorporou como novidade no noso ordenamento xurídico a

posibilidade de que existise unha soa secretaría para varios xulgados de paz. De conformidade con esta previsión, o artigo 50 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, establece un réxime para a agrupación de secretarías de xulgados de paz servidas por funcionarios de xustiza e outro réxime aplicable ás agrupacións de secretarías atendidas polo denominado persoal idóneo nomeado polos concellos.

Polo Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE do 17 de decembro), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que dentro do territorio de Galicia desempeñaba a Administración do Estado sobre revisión e aprobación das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, fixación do seu cadro de persoal e adscrición, se é o caso, de funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza aos xulgados de poboacións de máis de 7.000 habitantes e aos que pola carga de traballo se considere xustificada.

En exercicio das competencias transferidas, a comunidade autónoma, a través do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, regulou as agrupacións das secretarías de xulgados de paz, establecendo a súa constitución de forma gradual en función das posibilidades organizativas e orzamentarias da Xunta de Galicia.

No marco destas competencias, establécense nesta orde as primeiras agrupacións das secretarías dos xulgados de paz que se sinalan.

Na súa virtude, logo do informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, dos consellos galegos de avogados e procuradores e oídas as organizacións sindicais con representación no ámbito do persoal ao servizo da Administración de xustiza,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto a constitución dun total de nove agrupacións de secretarías de xulgados de paz, dúas na provincia da Coruña, dúas na provincia de Lugo, dúas na provincia de Ourense e tres na provincia de Pontevedra.

Artigo 2º.-*Agrupacións das secretarías de xulgados de paz nas provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra.*

Constitúense as agrupacións de secretarías dos xulgados de paz que figuran no anexo I desta orde a través da ampliación do ámbito territorial e funcional de actuais centros de destino da Administración de xustiza, que serán servidas por persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Artigo 3º.-*Agrupación das secretarías de xulgados de paz na provincia de Lugo.*

Constitúense as agrupacións de secretarías dos xulgados de paz que figuran como anexo II desta orde a través do establecemento de novos centros de destino da Administración de xustiza, que serán servidas por

persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Artigo 4º.-*Plans de actividades e desprazamentos.*

As delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con audiencia dos concellos integrados na agrupación, elaborarán un plan semestral de actividades e desprazamentos para realizar as funcións das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, que será autorizado pola Dirección Xeral de Xustiza.

Artigo 5º.-*Relacións de postos de traballo de persoal ao servizo da Administración de xustiza.*

As relacións de postos de traballo dos secretarios das agrupacións e dos funcionarios dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e de auxilio xudicial das agrupacións comprendidas no artigo terceiro serán determinadas conforme o disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial; as agrupacións comprendidas no artigo segundo manterán os cadros de persoal actualmente vixentes.

No concello en que se fixa a sede da correspondente agrupación constituirase o centro de destino.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Xustiza para fixar a entrada en funcionamento das agrupacións de secretarías de xulgados de paz mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*, así como para ditar cantas disposicións complementarias sexan precisas para a aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO I

Agrupacións de secretarías de xulgados de paz constituídas a través da ampliación do ámbito territorial e funcional de actuais centros de destino da Administración de xustiza.

-Provincia da Coruña:

Agrupación número 1: desempeñada por persoal ao servizo da Administración de xustiza do Xulgado de Paz de Fene: dous funcionarios do corpo de xestión, un funcionario do corpo de tramitación e un funcionario do corpo de auxilio, comprende as dos xulgados de paz de Fene (14.346 habitantes) e A Capela (1.487 habitantes). Poboación total: 15.833 habitantes. Sede en Fene.

Agrupación número 2: desempeñada por persoal ao servizo da Administración de xustiza de Mugardos: un funcionario do corpo de xestión e un funcionario do corpo de auxilio, comprende as dos xulgados de paz de

Ares (5.405 habitantes) e Mugaros (5.630 habitantes). Poboación total: 11.035 habitantes. Sede en Mugaros.

-Provincia de Ourense:

Agrupación número 1: desempeñada polo persoal ao servizo da Administración de xustiza do Xulgado de Paz de Allariz: un funcionario do corpo de xestión e un funcionario do corpo de auxilio. Comprende as dos xulgados de paz de Allariz (5.433 habitantes), Paderne de Allariz (1.602 habitantes) e Xunqueira de Ambía (1.863 habitantes). Poboación total: 8.898 habitantes. Sede en Allariz.

Agrupación número 2: desempeñada polo persoal ao servizo da Administración de xustiza do Xulgado de Paz de Viana do Bolo: un funcionario do corpo de xestión e un funcionario do corpo de auxilio. Comprende as dos xulgados de paz de Viana do Bolo (3.517 habitantes), O Bolo (1.223 habitantes), Larouco (571 habitantes) e Vila-riño de Conso (727 habitantes). Poboación total: 6.038 habitantes. Sede en Viana do Bolo.

-Provincia de Pontevedra:

Agrupación número 1: desempeñada polo persoal ao servizo da Administración de xustiza do Xulgado de Paz de Forcarei: un funcionario do corpo de xestión e un funcionario do corpo de auxilio. Comprende as dos xulgados de paz de Forcarei (4.505 habitantes) e Cerdedo (2.330 habitantes). Poboación total: 6.835 habitantes. Sede en Forcarei.

Agrupación número 2: desempeñada polo persoal ao servizo da Administración de xustiza do Xulgado de Paz de Mondariz: un funcionario do corpo de xestión e un funcionario do corpo de auxilio. Comprende as dos xulgados de paz de Covelo (3.602 habitantes), Mondariz (5.354 habitantes) e Mondariz-Balneario (740 habitantes). Poboación total: 9.696 habitantes. Sede en Mondariz.

Agrupación número 3: desempeñada polo persoal ao servizo da Administración de xustiza do Xulgado de Paz da Cañiza: un funcionario do corpo de xestión e un funcionario do corpo de auxilio. Comprende as dos xulgados de paz da Cañiza (6.714 habitantes) e Crecente (2.677 habitantes). Poboación total: 9.381 habitantes. Sede na Cañiza.

ANEXO II

Agrupacións de secretarías de xulgados de paz constituídas a través do establecemento de novos centros de destino da Administración de xustiza.

-Provincia de Lugo:

Agrupación número 1: integrada polos xulgados de paz de Rábade (1.668 habitantes) e Outeiro de Rei (4.695 habitantes). Poboación total: 6.363 habitantes. Sede en Outeiro de Rei. Estará servida, polo menos, por un funcionario do corpo de xestión.

Agrupación número 2: integrada polos xulgados de paz de Abadín (3.141 habitantes), A Pastoriza (3.726

habitantes) e Riotorto (1.634 habitantes). Poboación total: 8.501 habitantes. Sede na Pastoriza. Estará servida, polo menos, por un funcionario do corpo de xestión.

Orde do 27 de xullo de 2009 pola que se clasifica de interese tecnolóxico a fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia.

Visto o expediente de clasificación da fundación *Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia*, con domicilio en Lugo.

Supostos de feito.

1. Fernando Blanco Álvarez, presidente do padroado da fundación, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Lugo o dez de febreiro de dous mil nove, ante o notario José Manuel López Cedrón, co número de protocolo catrocentos noventa e catro, pola Xunta de Galicia, representada por Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria, e por Alfredo Suárez Canal, conselleiro do Medio Rural, e presidente do Instituto Galego de Calidade Alimentaria; Universidade de Santiago de Compostela, representada polo reitor Senén Barro Ameneiro; Universidade de Vigo, representada por Lorenzo Miguel Pastrana Castro; *Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A.*, representada por Francisco-Javier Echevarría Gutiérrez; *Grupo Leche Pascual, S.A.*, representada por Marco-Antonio Delgado Delgado; *Grupo Lactalis Iberia, S.A.*, representada por José Antonio González da Silva; *Leche Celta, S.L.U.*, representada por José González Vila; *Leyma Central Lechera, S.A.*, representada por Manuel Sierra Sierra; *Feiraco Lácteos, S.L.U.*, representada por José Luis Antuña Álvarez; *Queizuar, S.L.*, representada por Benigno Pereira Ramos; *Queserías Prado, S.L.* representada por Julio González Vázquez; *Lácteos y Sueros de Galicia, S.L.*, representada por Eugenio Rei Garea; e por *Puleva Food, S.L.*, representada por Edmundo Rodríguez Unzurrunzaga.

3. Segundo consta no artigo sete dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade na industria agroalimentaria, en xeral, e láctea, en particular, de Galicia como un dos sectores estratéxicos máis importantes do país, mediante a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. De xeito prioritario, este obxecto concretarase na construción, dotación de recursos, posta en marcha, organización e xestión do *Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia*.